

ACTA NÚM. 10/2025.

**ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA URXENTE CELEBRADA POLO PLENO DO
CONCELLO DE BRIÓN O DÍA 1 DE DECEMBRO DE 2025.**

No salón de plenos da Casa do Concello de Brión, sendo as 13,00 horas do día 1 de decembro de 2025, reuníronse en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as de seguido relacionados, baixo a presidencia do Sr. Alcalde PABLO LAGO SANMARTÍN, co obxecto de celebrar sesión extraordinaria urxente correspondente ao día da data para a que foron previamente citados.

ALCALDE:

PABLO LAGO SANMARTÍN. (PSG-PSOE).

CONCELLEIRAS/OS PRESENTES:

-. PSG-PSOE:

MARÍA ROSA ROMERO FARIÑA.
MARÍA GUARINA REY VÁZQUEZ.
JOSÉ ANTONIO VIDAL GONZÁLEZ.
CARLOS NOYA PEREIRA.

-. PP:

MARÍA FARIÑA BELLÓN.
WALDO CARBALLO GARCÍA.
TRINIDAD YOLANDA RICO RODRÍGUEZ.
EMILIO JESÚS APARICIO PÉREZ.

-. BNG:

XOSÉ LUIS PENAS CORRAL.

Non asisten:

SANDY MARIE CEBRAL GÓMEZ.
FRUCTUOSO SOUTO CASTIÑEIRA.
TERESA A. ANDRADE CARRILLO.

Secretario: Javier Nieves González, secretario do concello.

Co quórum establecido polas disposicións legais vixentes para a válida constitución do pleno, polo Sr. Alcalde declarouse público e aberto o acto, adoptándose os seguintes acordos:

1º) RATIFICACIÓN DA URXENCIA DA CONVOCATORIA.

2º) PROPOSICIÓN DA ALCALDÍA SOBRE APROBACIÓN DO PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN REMODELACIÓN DO CAMPO DE FÚTBOL "JOSÉ PUMAR" DE BASTAVALES, BRIÓN. A CORUÑA.

1º) RATIFICACIÓN DA URXENCIA DA CONVOCATORIA.

O Pleno por unanimidade dos dez membros presentes acorda ratificar a urxencia.

2º) PROPOSICIÓN DA ALCALDÍA SOBRE APROBACIÓN DO PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN REMODELACIÓN DO CAMPO DE FÚTBOL "JOSÉ PUMAR" DE BASTAVALES, BRIÓN. A CORUÑA.

Dada conta da proposición da alcaldía do 28.11.2025, que transcrita di:

Antecedentes:

1. O Pleno do concello en sesión extraordinaria de data 29 de maio de 2024, adoptou o seguinte acordo:

4º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN NOMINATIVA Á DEPUTACIÓN DA CORUÑA.

1º) Aprobar o proxecto de obras: Proxecto básico e de execución remodelación do campo de fútbol "José Pumar" de Bastavales, Brión, redactado con data xullo de 2023 por Naos 04 Arquitectos S.L.P., que ten un orzamento de execución de: 537.917,39 euros, IVE incluído.

2º) Solicitar á Deputación Provincial da Coruña unha subvención nominativa para a execución deste proxecto polo importe de: 350.000,00 euros, IVE incluído, que representa un coeficiente de financiamento do: 65,066 %, sendo o resto por importe de: 187.917,39 euros, IVE incluído, por conta do Concello, que representa un coeficiente de financiamento do: 34,934 %.

3º) Declarar que o Concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras administracións públicas para o financiamento deste investimento.

4º) Facultar expresamente á alcaldía para todos os trámites sucesivos e necesarios para a execución e xestión deste acordo e do correspondente expediente.

2. Resultando que foi tramitado o expediente da subvención ante a deputación, a mesma con data xullo de 2025 remitiu o informe desfavorable da oficina de supervisión de proxectos provincial sobre o proxecto técnico referenciado, requirindo correccións técnicas no mesmo.

3. Resultando que o concello con data 26.11.2025 remitiu á deputación o proxecto básico e de execución completo atendendo aos requirimentos técnicos efectuados.

4. Resultando que con data 28.11.2025 pola deputación se comunica que o proxecto foi informado favorablemente e require que se envíe certificación de aprobación do proxecto polo Pleno do concello.

Resultando urxente aprobar este proxecto este ano para que a deputación poida tramitalo neste ano 2025 e non ter que volver a comezar o expediente administrativo no ano 2026, propoño ao Pleno a adopción do seguinte **acordo**:

1º) Aprobar o proxecto de obras: Proxecto básico e de execución remodelación do campo de fútbol "José Pumar" de Bastavales, Brión, de data novembro de 2025, asinado con data 26 de novembro de 2025 por Naos 04 Arquitectos S.L.P., que ten un orzamento de execución de: 537.917,39 euros, IVE incluído.

2º) Facultar expresamente á alcaldía para todos os trámites sucesivos e necesarios para a execución e xestión deste acordo e do correspondente expediente.

Debate: Non se produciu.

Votación e resultado:

Sometida a votación a proposta, dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 10, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (5), PP (4) e BNG (1).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 0.

Queda aprobada a proposición nos seus propios termos.

O Sr. Alcalde declara rematado o acto, e a sesión foi levantada sendo as trece horas e once minutos, procedéndose a redactar a acta, de todo o cal eu, como secretario, dou fe.

O alcalde
Vº e Prace

O secretario

Pablo Lago Sanmartín

Javier Nieves González